

DOCUMENTOS: AS IDEOLOXÍAS ANTICAPITALISTAS

DOC. 1. R.OWEN, *Alocución aos habitantes de New Lanark, 1816.*

O novo sistema fundaméntase en principios que capacitarán á humanidade para impedir na próxima xeración todos ou case todos os males e miserias que nós e os nosos antepasados temos experimentado. Adquirirase un coñecemento correcto da natureza humana; acabárase coa ignorancia; impedirase que as malas paixóns se fortalezan; a amabilidade e a caridade prevalecerán universalmente; non se coñecerá a pobreza; o interese de cada individuo estará en estreita relación con todos os individuos do mundo. Non haberá ningunha contradición entre os desexos e apetencias dos homes. Ninguén terá motivo de queixa, porque cada un posuirá sen prexuízo dos demais, todo o que poida tender á súa comodidade, benestar e felicidade.

DOC. 2. K.MARX e F.ENGELS, *Manifesto comunista. 1848*

A historia de todas as sociedades ata os nosos días é unha historia de loita de clases. Homes libres e escravos, patricios e plebeos, señores e servos, mestres e oficiais, nunha palabra: opresores e oprimidos enfrontáronse sempre, mantiveron unha loita constante, ocultada unhas veces e outras franca e aberta; loita que rematou sempre coa transformación revolucionaria de toda a sociedade ou o afundimento das clases en pugna. A moderna sociedade burguesa, que saíu de entre as ruínas da sociedade feudal, non aboliu as contradicións de clase. Unicamente substituíu as vellas clases, as vellas condicións de opresión, as vellas formas de loita por outras novas.

DOC. 3. MARX e ENGELS. *Manifesto Comunista. 1848*

O primeiro paso da revolución obreira será a exaltación do proletariado ao Poder (...). O proletariado valerase do Poder para ir despoxando á burguesía de todo o capital, de todos os instrumentos de produción, centralizándoas nas mans do Estado, é dicir, do proletariado organizado como clase gobernante (...). isto unicamente poderá levarse a cabo mediante unha acción despótica sobre a propiedade e o réxime burgués de produción. (...)

Unha vez desaparecidos os antagonismos de clase (...) o Estado perderá todo carácter político (...) e á vella sociedade burguesa (...) substituiráa unha asociación na que o libre desenvolvemento de cada un será a condición do libre desenvolvemento de todos.

DOC. 4. M.BAKUNIN. *Deus e Estado, 1871*

A lei da solidariedade é a primeira lei humana, a liberdade é a segunda (...) Eu non son verdadeiramente libre máis que cando todos os seres humanos que me rodean, homes e mulleres, son igualmente libres(...).

O Estado sempre foi patrimonio dunha clase privilexiada calquera (...).

A base de toda organización política debería ser a comuna absolutamente autónoma, sempre representada pola maioría dos sufraxios de todos os habitantes maiores, homes e mulleres (...).

Cada nación, cada país, cada pobo (...) e cada comuna teñen o dereito absoluto de dispoñer da súa sorte, de determinar a súa propia existencia, de escoller as súas alianzas (...) de acordo coa súa vontade e necesidades.

COMPARATIVA ANARQUISMO E MARXISMO:

ANARQUISMO	SEMELLANZAS	MARXISMO

TRABALLO CON FONTES:

“Abolir a autoridade, esa é a primeira condición da liberdade. O Estado é a negación da liberdade, e por iso debe desaparecer. Só a organización libre dos traballadores, desde abaixo, pode construír unha sociedade xusta.”	IDEOLOXÍA: CONCEPTOS CLAVE:
“Soñamos cunha sociedade harmoniosa, onde cada individuo contribúa segundo as súas capacidades e reciba segundo as súas necesidades. A cooperación substituirá á competencia, e a educación será o motor do progreso.”	IDEOLOXÍA: CONCEPTOS CLAVE:
“O poder político non é, en rigor, máis que o poder organizado dunha clase para a opresión da outra. O proletariado vese forzado a organizarse como clase para loitar contra a burguesía; a revolución lévao ao Poder; mais tan pronto como desde el, como clase gobernante, derrube pola forza ao réxime vixente de produción, con este fará desaparecer as condicións que determinan o antagonismo de clases, as clases mesmas, e, polo tanto, a súa propia soberanía como tal clase.”	IDEOLOXÍA: CONCEPTOS CLAVE: